


PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2020-2021



CPR. Plurilingüe
La Milagrosa



Índice

Índice.....	1
1. Medidas de prevención básica.....	4
1.1 Denominación do centro, enderezo e teléfonos.....	4
1.2 Membros do equipo COVID.....	5
1.3 Centro de Saúde de referencia.....	6
1.4 Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección...6	
1.5 Número de alumnos por nivel e etapa educativa.....	6
1.6 Cadro de persoal do centro educativo.....	7
1.7 Determinación dos grupos estables de convivencia.....	7
1.8 Medidas específicas para os grupos estables de convivencia.....	8
1.9 Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.....	8
1.10 Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.....	8
1.11 Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas.....	9
2. Medidas xerais de protección individual.....	9
2.1 Croques da situación dos pupitres na aulas.....	9
2.2 Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL.....	10
2.3 Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.....	10
2.4 Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.....	11
2.5 Uso de máscara no centro.....	11
2.6 Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.....	12
3. Medidas de limpeza.....	12
3.1 Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.....	12
3.2 Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas.....	14
3.3 Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.....	15
3.4 Cadro de control de limpeza dos aseos.....	16
3.5 Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas.....	17
3.6 Determinación dos espazos para a xestión de residuos.....	18
4. Material de protección.....	18
4.1 Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.....	18
4.2 Determinación do sistema de compras do material de protección.....	18
4.3 Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.....	18
5. Xestión dos abrochos.....	18
5.1 Determinación das medidas.....	18
5.2 Persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.....	21
6. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.....	21





6.1 Canle de petición das solicitudes, de comunicación coas xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.	21
7. Medidas de carácter organizativo.....	22
7.1 Determinación e organización das entradas e saídas.	23
7.2 Determinación das portas de entrada e saída e das circulacións no centro.	26
XORNADA CONTINUADA (SETEMBRO E XUÑO)	26
7.3 Previsións sobre a colocación da cartelería e sinalética no centro:	27
7.4 Asignación do profesorado encargado da vixilancia.	27
8. Medidas en relación coas familias e ANPAS.....	27
8.1 Previsión en relación co programa de madrugadores.	28
8.2 Previsión para a realización de actividades extraescolares fora da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor.	28
8.3 Determinacións para as xuntanzas da ANPA e do Consello Escolar.	29
8.4 Previsión para a realización de titorías e comunicacións coas familias.	29
8.5 Normas para a realización de eventos.....	29
Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpríranse estritamente as medidas de prevención e aforo:	29
9. Medidas de uso de comedor.	29
9.1 Establecemento das quendas para o uso de comedor.	30
9.2 Previsión sobre o persoal colaborador.....	30
9.3 Previsión sobre o persoal de cociña e limpeza da mesma	30
10. Medidas específicas para o uso doutros espazos.....	31
10.1 Previsións doutros espazos do centro.	32
10.2 Determinacións específicas para a materia de Educación Física.	33
10.3 Regulación do proceso de cambio de aula.	33
10.4 Normas do uso da Biblioteca.	34
10.5 Asignación de grupos de aseos atendendo á etapa educativa.	34
11. Medidas especiais para os recreos.	35
11.1 Horarios, espazos, uso e orde dos recreos.	36
11.2 Criterios para a asignación do profesorado de vixilancia.....	46
12. Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria.	46
12.1 Previsións sobre a metodoloxía na aula.	46
12.2 Previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo.	47
13. Normas específicas para alumnado de NEE.....	48
13.1 Medidas concretas coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.	48
14. Previsións específicas para o profesorado.....	48
14.1 Establecemento de medidas para o uso da sala de profesorado.	49
14.2 Medidas para as reunións dos órganos colexiados do centro.	49
15. Medidas de carácter formativa e pedagóxico.	50
15.1 Previsión de actividades formativas en relación coa educación en saúde e particularmente na prevención fronte a COVID-19.	50





15.2 Difusión da información das medidas de prevención.....	51
15.3 Profesorado encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais.....	51
16 ANEXO I:.....	52
17. ANEXO II:.....	55



1. Medidas de prevención básica.

1.1 Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

Denominación: CPR Plurilingüe La Milagrosa.

Enderezo: Avenida de Barcelona 13, 15706 Santiago de Compostela. A Coruña.

Teléfono/ Fax: 981 520 791

Correo electrónico: cpr.milagrosa.santiago@edu.xunta.es

Páxina web: www.colexioamilagrosa.gal



1.2 Membros do equipo COVID.

Membros do Equipo Covid-19 para o curso 2020-2021				
	Nome a apelidos	DNI	Teléfono	Cargo
Membro 1	Luis F. Regueiro Frey	-----	-----	Director
Tarefas asignadas	➤ Elaboración do plan de adaptación COVID para o curso 2020-21. ➤ Elaboración do plan de continxencia. ➤ Elaboración do programa de acollida. ➤ Comunicación coa empresa. ➤ Comunicación coa Consellería de Educación e a Xefatura Territorial de Sanidade. ➤ Planificar, implantar e supervisar o plan de continxencia, valorando a súa eficacia e facendo os axustes que sexan oportunos.			
	Nome e apelidos	DNI	Teléfono	Cargo
Membro 2	M ^a Romina Fachal Rial	-----	-----	Xefa de estudos
Tarefas asignadas	➤ Elaboración do plan de adaptación COVID para o curso 2020-21. ➤ Elaboración do plan de continxencia. ➤ Elaboración do programa de acollida. ➤ Informar a todo o equipo docente sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas. ➤ Planificar, implantar e supervisar o plan de continxencia, valorando a súa eficacia e facendo os axustes que sexan oportunos.			
	Nome e apelidos	DNI	Teléfono	Cargo
Membro 3	David Couceiro Sánchez	-----	-----	Mestre
Tarefas asignadas	➤ Elaboración do plan de adaptación COVID para o curso 2020-21. ➤ Elaboración do plan de continxencia. ➤ Elaboración do programa de acollida. ➤ Informar a todo o equipo docente sobre as medidas de prevención da transmisión da infección, as medidas de protección que se deben empregar e as instrucións para o correcto manexo das mesmas. ➤ Planificar, implantar e supervisar o plan de continxencia, valorando a súa eficacia e facendo os axustes que sexan oportunos.			



1.3 Centro de Saúde de referencia.

- **Centro de saúde de referencia:** Concepción Arenal.
- **Persoa de contacto 1:** Jesús Sueiro Justel
- **Teléfono:** 981527000
- **Persoa de contacto 2:** Guadalupe Suarez Costa
- **Teléfono:** 981527001

1.4 Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección.

No caso de que exista a sospeita de que unha persoa ou alumno/a do centro ten síntomas compatibles co COVID-19 levarase a un espazo separado de uso individual. O espazo destinado ao illamento para os casos necesarios de protección será unha sala que habilitamos na planta baixa ao lado da sala de profesores. Espazo suficientemente amplo, ben ventilado, separado das zonas de tránsito e preto da entrada e saída do centro.

Seguindo as indicacións da disposición sanitaria, dispón de papeleira (accionada por pedal e con tapa) para desbotar os materiais utilizados, xel hidroalcohólico (Aseptic UN-1993,3, GE II s/ REF.ML03402), panos de papel, termómetro de infravermellos e material viricida (Descol desinfectante N° REXISTRO 16-20/40/90-08635-HA).

1.5 Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

Alumnado do CPR Plurilingüe La Milagrosa no curso 2020-2021								
Educación Infantil			Educación Primaria					
4º EI	5º EI	6ºEI	1º EP	2ºEP	3º EP	4ºEP	5ºEP	6ºEP
18	20	23	25	23	25	25	23	25
Total Educación Infantil: 61			Total Educación Primaria: 146					
Total alumnado centro: 207								



1.6 Cadro de persoal do centro educativo.

Persoal docente e non docente que presta servizo no centro educativo				
Profesorado	Coidadores/as	Monitores/as	Limpeza	Cociña
13	4	8	4	2

1.7 Determinación dos grupos estables de convivencia.

En cada aula formarase un grupo estable dun máximo de 25 alumnos/as, que conformarán os denominados Grupos de Convivencia Estable. No centro haberá, polo tanto, 9 grupos de convivencia, un por cada curso escolar.

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Infantil	4º	4 ANOS	18	5

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Infantil	5º	5 ANOS	20	4

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Infantil	6º	6 ANOS	23	4

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	1º	1º EP	25	5

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	2º	2º EP	23	5

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	3º	3º EP	25	6

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	4º	4º EP	25	5

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	5º	5º EP	23	5

Etapas	Nivel	Aula	Nº Alumnado	Nº Profesorado
Educación Primaria	6º	6º EP	25	5



1.8 Medidas específicas para os grupos estables de convivencia.

- Os membros destes grupos poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersonal de forma estrita.
- Evitarase a interacción con outros grupos do centro educativo.
- Limitarase ao máximo o número de contactos con outro persoal do centro.

Na etapa de educación infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballárase mediante grupos colaborativos de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos), que se constituirán como subdivisións dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1'5 metros respecto dos restantes grupos.

1.9 Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.

De 9:00h a 18:00h na recepción do colexio, preferiblemente por teléfono (981520791).

O resto de horas: cpr.milagrosa.santiago@edu.xunta.es

1.10 Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Rexistro de ausencias do persoal: folla de validación da xornada lectiva laboral. Se é con sintomatoloxía compatible coa Covid chamarase ao centro para indicar os datos necesarios.

Rexistro de ausencias do alumnado: Xade. Se é con sintomatoloxía compatible coa Covid, chamarase ao centro para indicar os datos necesarios.



1.11 Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas.

O centro educativo contactará co centro de saúde de atención primaria de referencia (Concepción Arenal) para resolver calquera dúbida ou incidencia (981527000 ou 981527001)

No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo.

Segundo o protocolo de adaptación a Consellería de Educación habilitará unha canle informática específica. Será a utilizada polo Director do colexio ou en quen delegue para comunicar as incidencias en tempo e forma.


2. Medidas xerais de protección individual.

2.1 Croques da situación dos pupitres na aulas.

Fíxose unha reforma integral no centro para que todas as aulas teñan unha superficie maior de 58m² cumprindo o espazo necesario para colocar os pupitres a 1'5m de distancia entre eles.

Poñemos a modo de exemplo un croque dunha das aulas cun número máximo de vinte e cinco alumnos e alumnas.





2.2 Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL.

- aula de PT: 16m²
- aula de AL: 12m²

2.3 Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

O medio preferente para que as familias poidan poñerse en contacto co profesorado será o correo electrónico. Pódese consultar o correo corporativo de cada profesor/a en www.colexioamilagrosa.gal. Poderase usar ademais o teléfono ou a videochamada. Só en casos excepcionais poderanse levar a cabo reunións presenciais, atendendo ás condicións de seguridade e utilizando espazos habilitados para tal fin.



2.4 Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro.

A comunicación ás familias realizarase preferentemente mediante a aplicación de comunicación “TokappSchool” e poderán ser consultadas na web do colexio.

O medio de comunicación para as persoas alleas ao centro será o teléfono do colexio (981520791) ou o correo cpr.milagrosa.santiago@edu.xunta.es

2.5 Uso de máscara no centro.

O uso de máscara non exime do cumprimento do resto de medidas preventivas establecidas, que principalmente son distanciamento de seguridade; a hixiene estrita das mans con auga e xabón durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico durante polo menos 20 segundos no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón; evitar tocar a cara, o nariz, os ollos e a boca; taparse ao tusir e esbirrar segundo as precaucións pola autoridade sanitaria.

O centro educativo informará a todos os membros da comunidade educativa sobre o correcto uso da máscara e demais medidas preventivas e de protección, contando con máscaras para o caso de que alguén manifeste síntomas e para poder repoñer as máscaras no caso de necesidade por rotura ou deterioro.

O profesorado utilizará a máscara continuamente non só pola función de protección senón tamén polo seu carácter exemplificante.

Na etapa de educación infantil, sempre que sexa posible usarase a máscara, porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos do centro con independencia do mantemento da distancia interpersonal sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario como por exemplo no comedor.





2.6 Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

Informarase ao profesorado e ao persoal de servizos. Será tamén tratado nunha das primeiras reunións do inicio do curso.

Os coidadores e coidadoras de comedor, monitores de actividades extraescolares... tamén serán informados.

Os pais e nais terán acceso ao documento na páxina web do centro educativo.

3. Medidas de limpeza.

3.1 Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

Incrementaranse as frecuencias dos repasos e establécense as seguintes pautas para a limpeza diaria das instalacións:

- Ventilarase a estancia que se vai limpar, como mínimo 10 minutos.
- Iniciarase a limpeza de forma habitual, baleirando papeleiras e retirando posibles residuos de superficies e/ou chans. Quitando o po desde arriba cara a abaixo.
- O baleirado de papeleiras farase segundo a frecuencia establecida de acordo coa súa ubicación.
Este baleirado farase extremando as medidas hixiénicas (o uso de luvas é obrigatorio), retirando a bolsa por completo e cambiando a dita bolsa en cada baleirado. A bolsa extraída cerrase e introdúcese directamente en sacos de lixo que se desbotarán do modo habitual.
- Extremarase A LIMPEZA e DESINFECCIÓN das **superficies de maior contacto e zonas comúns**. A modo de exemplo e de forma non exhaustiva:

- Aulas/ Oficinas/ Salas comúns/ Biblioteca:

a) Mesas





- b) Respaldos e repousa-brazos de cadeiras
- c) Pomos de portas
- d) Interruptores de luz
- e) Mostradores de recepción/secretaría/administración
- f) Teléfonos
- g) Teclados da sala de informática/oficinas/biblioteca....

- Comedores

- a) Mesas
- b) Cadeiras
- c) Chans
- d) Paredes

- Baños (3 veces ao día - 11:30/15:00h/18:00)

- a) Lavamáns
- b) Dispensadores de papel/xabón
- c) COMPROBAR QUE SEMPRE HAXA XABÓN E PAPEL NOS DISPENSADORES.
- d) Tapas de papeleiras sanitarias

- Zonas de paso (corredores/escaleras)

- a) Varandas de escaleras
- b) Botóns de ascensores
- c) Timbres

5. Finalizarase co varrido/mopeado/fregado de chans.

Se os equipos de traballo son utilizados por máis dunha persoa, estes deberán desinfectarse antes do cambio de quenda.





3.2 Distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas.

ZONA DE LIMPEZA	FRECUENCIA DE LIMPEZA
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE AULAS (Aulas non compartidas)	Mínimo 1 vez ao día.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE AULAS (Aulas compartidas – uso rotativo)	Mínimo 1 vez ao día. Ventilación de 10 minutos e desinfección despois de cada uso.
LIMPEZA E EDESINFECCIÓN DE BAÑOS	Mínimo 3 veces ao día, polo menos 2 veces durante a xornada lectiva. (11:30h/15:00h/18:00) Obrigatorio rexistro de limpeza.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE PAVILLÓN E XIMNASIOS	Mínimo: Limpeza e desinfección 1 vez ao día. Desinfección e ventilación despois de cada uso.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE DESPACHOS	Mínimo: Limpeza e desinfección 1 vez ao día. Desinfección e ventilación despois de cada uso.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE ESPAZOS COMÚNS	Mínimo: Limpeza e desinfección 1 vez ao día. Durante a xornada escolar unha persoa do servizo de limpeza deberá repasar as zonas de máximo contacto (pomos, varandas, puntos de luz...) varias veces durante a xornada lectiva e especialmente despois da entrada e os recreos. Ventilación frecuente.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE SALA DE PROFESORES	Mínimo 1 vez ao día. O persoal deberá ter ao seu dispor material desinfectante para limpar o posto a utilizar (se é compartido) antes e despois de cada uso.
LIMPEZA E DESINFECCIÓN ZONAS DE ATENCIÓN AO CLIENTE	Mínimo 1 vez ao día. O persoal deberá ter ao seu dispor material desinfectante para limpar o posto nos cambios de quenda, se o espazo é compartido e repasar zonas de máximo contacto (especialmente mostradores)
COMEDOR ESCOLAR	Mínimo 1 vez ao día. Ventilación de 10 minutos e desinfección despois de cada quenda.



O persoal de limpeza estará distribuído por zonas:

PERSOAL LIMPEZA	ESPAZO ASIGNADO
A	Limpeza de zona de comedor – Ximnasio- aula de 4 anos – aula de 5 anos – aula de 2º EP - baños planta baixa – galería e entrada principal- espazos comúns.
B	Patio cuberto – aula de 3 anos – aula de 1º EP – patio novo – espazos comúns.
C	Aula de informática – despachos – aula de 6ºEP – aula de 5º EP- aula de 3ºEP – aula de 4º EP- baños planta 1º - sala de profesores- sala COVID – espazos comúns.
D	Ximnasio novo- baños planta 2ª- sala madrugadores/tardíos- baños (comedor, planta baixa, 1º planta e 2ª planta) – espazos comúns.
E e F	Cociña

3.3 Material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.

O persoal de limpeza contará cos seguintes equipos de protección e/ou materiais:

- Uniforme de traballo.
- Calzado de seguridade.
- Máscaras cirúrxicas
- Máscaras FFP2 / KN95 (para o persoal de comedor en contacto con alumnado sen máscara)
- Luvas de vinilo / nitrilo
- Xel hidroalcohólico
- Xabón de mans
- Bobina de papel / panos de papel
- Pantallas de protección

Termómetro de infravermellos para o control da temperatura antes de entrar ao posto de traballo.



3.4 Cadro de control de limpeza dos aseos.

CPR Plurilingüe La Milagrosa												Santiago de Compostela	
CONTROL RONDAS DE LIMPEZA DOS ASEOS													
Aseo: _____													
Data: _____													
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Data: _____													
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			
Hora	Chan	Espellos	Papel	Xabón	Pomos	WC	Lavabos	Dispensador	Urinarios	Papeleiras	Persoa encargada:	Sinatura	
	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐			







CPR Plurilingüe La Milagrosa

Santiago de Compostela

SETEMBRO 2020

Aula: _____

	Xoves 10		Venres 11						
	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:					
	Persoa encargada:		Persoa encargada:						
	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:					
	Persoa encargada:		Persoa encargada:						
	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:					
	Persoa encargada:		Persoa encargada:						
	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:					
	Persoa encargada:		Persoa encargada:						
	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:					
	Persoa encargada:		Persoa encargada:						
Luns 14	Martes 15		Mércores 16		Xoves 17		Venres 18		
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	
Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:	Hora:	Tempo:
Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:		Persoa encargada:	



3.6 Determinación dos espazos para a xestión de residuos.

Dispoñemos en todas as estancias de papeleiras de tapa con pedal de diferentes capacidades en función da utilidade co fin de evitar a propagación do virus.

Todos os días o persoal de limpeza actuará conforme ao establecido no protocolo.

4. Material de protección.

4.1 Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

Gardarase un rexistro e inventario do material en administración.

4.2 Determinación do sistema de compras do material de protección.

Realizaranse as compras do material necesario e dos produtos certificados polo Ministerio de Sanidade, cada compra rexistrarse con factura independente.

4.3 Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

Centralizarase en administración que levará un rexistro de material empregado e de aquel que sexa necesario repoñer.

5. Xestión dos abrochos.

5.1 Determinación das medidas.

No suposto da aparición dun caso ou dunha sospeita no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19 incluírá na aplicación informática a situación.

Considerarase posible suposto cando presente algúns dos seguintes síntomas :

- síntomas respiratorios,.
- febre maior de 37,5°C.
- tose seca.
- dificultade respiratoria.
- fatiga severa (cansazo),.
- dor muscular.
- falta de olfacto.



- falta de gusto.
- diarrea.
- dor de cabeza.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes supostos:

- I. A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- II. A aparición de tres casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderá supoñer o peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro .

Segundo a consideración epidemiolóxica de contacto estreito, toda persoa designada como tal, que houbera estado cun alumno/a, ou persoal do centro ou persoal alleo a o centro con diagnóstico confirmado deberán entrar en corentena (obriga de illamento de 10 días no seu domicilio), suspendéndose a ensinanza presencial cun mínimo de 14 días .

A suspensión da actividade lectiva suporá a aplicación das normas previstas no ensino a distancia. Rematado o prazo de peche presencial da aula, nivel, ou centro, realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva seguindo o protocolo marcado pola Xunta de Galicia e concretamente polo Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, procederase ao seu illamento na sala COVID habilitada no centro e contactarase coa súa familia ou persoa de referencia. Esta persoa deberá presentarse no centro coa maior rapidez e brevidade posibles. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo, quen valorará a solicitude dun test diagnóstico. Se o pediatra ou facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC, alí será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible,





contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo. No caso de que a persoa contaxiada sexa persoa adulta traballadora do centro contactarase co centro de saúde de referencia asignado pola Consellería.

No caso de que un alumno/a ou unha persoa traballadora presente síntomas mentres se atope no centro educativo, será preciso illar o contedor onde se depositen os panos ou outros produtos usados por eles. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito. Realizarase a debida limpeza coa protección axeitada e obrigatoria do espazo no que se levou a cabo o illamento preventivo, logo de que o alumno/a ou a persoa traballadora que presentou síntomas durante a xornada lectiva teña abandonado o centro educativo.

Mentres a persoa sintomática espera na sala de illamento, chamarase á familia e ao centro sanitario correspondente. Empregaranse as canles habilitadas pola Consellería de Educación para a comunicación dos posibles casos detectados e para o subministro de información. A canle “EduCovid” será utilizada polo centro educativo para notificar os casos ou para a identificación dos contactos próximos, coas debidas garantías de protección de datos e por medio dos formatos e mecanismos habilitados pola Consellería. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria. Os devanditos aspectos recóllense no documento “Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte ao COVID-19 para centros educativos en el curso escolar 2020-2021. Versión do 22 de xuño de 2020” elaborado polo Ministerio de Sanidade.

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas das situacións descritas anteriormente consideraranse sempre xustificadas non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.





5.2 Persoas que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa.

Segundo a normativa correspondente as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa correspóndelle ao Director do centro educativo.

6. Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.

Conforme as recomendacións sanitarias para todo o Estado Español os traballadores vulnerables para covid-19 realizarán o seu traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, mantendo sempre as medidas de protección de forma rigorosa.

6.1 Canle de petición das solicitudes, de comunicación coas xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

Será o servizo sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais o que avaliará a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por Corona virus e emitirá un informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, segundo o establecido no Procedemento de actuación.

As funcións do Servizo de Prevención de Riscos Laborais serán asumidas polo persoal sanitario da inspección médica da Consellería de Educación nas xefaturas territoriais.

O persoal docente e non docente permanecerá no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible e que non pode ser protexido no seu posto de traballo mediante as medidas establecidas neste protocolo ou ata que se atope, se fose o caso, nunha situación de incapacidade temporal.

Pasos que se deben seguir para a petición polo persoal dun suposto de vulnerabilidade:

1. A persoa interesada dirixirá á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos, unha declaración de persoal sensible por causas de saúde, na que



expresará que concorren as causas para considerarse como grupo vulnerable e susceptible de ser considerado persoal sensible.

2. A dirección do centro emitirá un informe no que se indicarán as tarefas e condicionantes específicos do posto de traballo e as medidas de protección existentes. Un informe por cada solicitante.
3. A dirección do centro remitirá cada día que haxa solicitudes, unha relación das peticións xeradas xunto cos informes emitidos á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial da Consellería de Educación do ámbito provincial onde radique o posto de traballo.
4. A Inspección médica analizará as peticións achegadas e solicitará por correo electrónico ao/a traballador/a a documentación acreditativa da súa situación que resulte procedente para resolver a adaptación ao posto de traballo ou a declaración de persoa como sensible. A Inspección Médica Educativa poderá solicitar, se fose preciso, un informe preventivo adicional de carácter complementario ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais. É obrigatorio para o/a traballador/a achegar esa documentación requirida nun prazo máximo de 3 días hábiles, no caso contrario, entenderase que desiste da súa petición.
5. Mentres se tramita o informe, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.

7. Medidas de carácter organizativo.

O equipo COVID -19 do centro deberá establecer no plan de continxencia este tipo de medidas, ao fin de evitar aglomeracións e cumprir cas medidas de distanciamento físico interpersoal e preventivo procedendo a toma de temperatura e ao lavado das mans ou desinfección de cada un dos alumnos que entren o saian do centro así como de toda comunidade educativa do centro e demais persoal (cociña, limpeza, coidadores...)





7.1 Determinación e organización das entradas e saídas.

Para a entrada e saída no noso centro, dispoñemos de tres zonas de acceso (Avenida de Barcelona nº 13, a rúa da Milagrosa e a Avenida de Rosalía de Castro nº 164) adxudicando a cada unha delas e por medio de franxas horarias (cada dez minutos) e quendas diferenciadas á entrada e á saída dos diferentes cursos. Así a título informativo reflectimos o documento achegado ás familias:

ENTRADAS E SAÍDAS	Segundo a resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da <i>Orde do 25 de xuño de 2020</i> no que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21 as datas e horarios serán as seguintes: ➤ O día 10 de setembro incorporárase o alumnado de 4º e 5º de Educación Infantil 1º, 2º e 3º curso de Educación Primaria. Os alumnos/as de 4º de Educación Infantil seguirán o horario indicado para o período de adaptación. ➤ O día 11 de setembro incorporárase o alumnado de 6º de Educación Infantil e 4º, 5º e 6º curso de Educación Primaria. ➤ As familias non poderán acceder ao interior do edificio. ENTRADAS (Setembro e xuño) ➤ Os cursos de 2º, 4º e 6º de EP entrarán ás 8.50h da mañá. ➤ Os cursos de 6º de EI, 1º e 5º de EP entrarán ás 9.00h da mañá. ➤ Os cursos de 4º, 5º de EI e 3º de EP entrarán ás 9.10h da mañá. SAÍDAS (Setembro e xuño) ➤ Os cursos de 4º, 5º de EI e 3º de EP saíran ás 13.50h. ➤ Os cursos de 6º de EI, 1º e 5º de EP saíran ás 14.00h. ➤ Os cursos de 2º, 4º e 6º de EP saíran ás 14.10h. Prégase puntualidade coa finalidade de evitar aglomeracións.
--------------------------	---



PORTAS DE ENTRADA E SAÍDA DO ALUMNADO	➤ Avenida de Rosalía de Castro: 3º, 5º e 6º de EP. ➤ Rúa da Milagrosa: 4º de EI, 1º e 2º de EP. ➤ Avenida Barcelona: 5º e 6º de EI e 4º de EP.
USO DE MÁSCARA	➤ O uso da máscara será obrigatorio durante toda a xornada escolar dende 1º ata 6º de Educación Primaria. Deberán traer unha segunda máscara de recambio gardada nun estoxo específico. ➤ Para o alumnado de Educación Infantil o seu uso non é obrigatorio pero si recomendable. ➤ As máscaras deberán estar correctamente identificadas co nome do neno/a nun sitio visible. ➤ Todo o alumnado, que ten a obriga de traer máscara, deberá traer na mochila unha bolsiña de papel ou sobre para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor. ➤ Deben explicarlle aos seus fillos a forma correcta de poñer e quitar as máscaras: é moi importante poñela e quitala ben, xa que se non se fai o risco de contaminación é máis alto. Hai que lavar as mans antes de poñela, colocala suxeitándoa polas gomas (sen tocar a parte frontal) e axustala no nariz. Debe cubrir nariz, boca e queixo. Para retirala collela polas gomas e depositala nunha papeleira con tapa ou gardala nunha bolsa se se vai volver usar. Unha vez retirada hai que lavar as mans.
GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA	➤ A organización do alumnado establecerase en grupos de convivencia estable e non poderán relacionarse con outro alumnado, incluíndo entradas e saídas.
MERENDAS	➤ No caso de traela deberá ser algo que coman con facilidade para non dilatar os tempos da merenda, xa que se realizará de xeito individual, en grupos colaborativos e en espazos diferenciados.
SÍNTOMAS COVID	➤ No caso no que detecten sintomatoloxía compatible co COVID nos seus fillos/as ou nalgún outro membro da unidade familiar, o alumnado non poderá asistir ao colexio. Deben contactar inmediatamente co seu centro de saúde de referencia e comunicalo ao centro. ➤ Se un alumno/a presenta síntomas durante a estancia no centro contactarase coa súa familia, ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro á maior brevidade.



**COMUNICACIÓN
CO CENTRO**

- Utilizarase como mecanismo de comunicación xeral coas familias o teléfono e o correo corporativo.

As entradas e saídas faranse de xeito graduado por niveis e aulas para evitar a concentración de persoas máis aló do imprescindible. Deberán respectar en todo momento as distancias de seguridade.

Cada neno de Educación primaria poderá virá acompañado como máximo dun adulto e ambos levarán obrigatoriamente máscara.

Así mesmo, non poderá permanecer no recinto escolar (patio) máis tempo do que lle leve recoller ou deixar o seu rapaz/a ao inicio e ao peche da xornada lectiva. Pedirémolles aos pais e nais unha estrita puntualidade tanto nas entradas coma nas saídas, evitando situacións de risco de contaxio, ademais de non achegarse máis aló da marca do patio para este fin.

O profesorado de primeira hora estará nas portas das aulas correspondentes agardando a que o alumnado chegue a clase e haberá outro profesorado distribuído polas escaleiras e entradas para axudar nesas subidas. Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións no patio ou que xogue nel.

Na entrada e saída da aula e nos momentos de retorno do recreo o profesorado velará pola orde dos movementos e os fluxos do alumnado.

Este ano máis ca nunca deberase respectar rigorosamente o horario de cada curso de entrada e saída así como os sinais do chan e verticais ao fin de cumprir coa normativa preventiva. No caso de chegar fora da hora asignada deberá esperar fora do centro ou na aula ata o final da entrada ou saída de todo o alumnado para non interromper cumprimento do protocolo de entrada e saída organizativo do colexio evitando aglomeracións ou cruce de colectivos o grupos.





7.2 Determinación das portas de entrada e saída e das circulacións no centro.

XORNADA CONTINUADA (SETEMBRO E XUÑO)

CURSO	HORARIO DE ENTRADA	PORTA DE ENTRADA E SAÍDA	HORARIO DE SAÍDA
4º Educación Infantil	09:10 h	Rúa da Milagrosa	13:50 h
5º Educación Infantil	09:10 h	Avda de Barcelona	13:50 h
6º Educación Infantil	09:00 h	Avda de Barcelona	14:00 h
1º Educación Primaria	09:00 h	Rúa da Milagrosa	14:00 h
2º Educación Primaria	08:50 h	Rúa da Milagrosa	14:10 h
3º Educación Primaria	09:10 h	Avda Rosalía de C.	13:50 h
4º Educación Primaria	08:50 h	Avda de Barcelona	14:10 h
5º Educación Primaria	09:00 h	Avda Rosalía de C.	14:00 h
6º Educación Primaria	08:50 h	Avda Rosalía de C.	14:10 h

XORNADA PARTIDA DE OUTUBRO A MAIO (DE LUNS A XOVES)

CURSO	HORARIOS DE ENTRADAS		PORTA DE ENTRADA E SAIDA	HORARIOS DE SAÍDAS	
4º Educación Infantil	09:30 h	15:00 h	Rúa da Milagrosa	12:30 h	17:00 h
5º Educación Infantil	09:30 h	15:00 h	Avenida de Barcelona	12:30 h	17:00 h
6º Educación Infantil	09:35 h	15:05 h	Avenida de Barcelona	12:35 h	17:05 h
1º Educación Primaria	09:35 h	15:05 h	Rúa da Milagrosa	12:35 h	17:05 h
2º Educación Primaria	09:40 h	15:10 h	Rúa da Milagrosa	12:40 h	17:10 h
3º Educación Primaria	09:30 h	15:00 h	Avenida Rosalía de C.	12:30 h	17:00 h
4º Educación Primaria	09:40 h	15:10 h	Avenida de Barcelona	12:40 h	17:10 h
5º Educación Primaria	09:35 h	15:05 h	Avenida Rosalía de C.	12:35 h	17:05 h
6º Educación Primaria	09:40 h	15:10 h	Avenida Rosalía de C.	12:40 h	17:10 h

XORNADA PARTIDA DE OUTUBRO A MAIO (VENRES)

CURSO	HORARIO DE ENTRADA	PORTA DE ENTRADA E SAÍDA	HORARIO DE SAÍDA
4º Educación Infantil	09:00 h	Rúa da Milagrosa	14:00 h
5º Educación Infantil	09:00 h	Avenida de Barcelona	14:00 h
6º Educación Infantil	09:05 h	Avenida de Barcelona	14:05 h
1º Educación Primaria	09:05 h	Rúa da Milagrosa	14:05 h
2º Educación Primaria	09:10 h	Rúa da Milagrosa	14:10 h
3º Educación Primaria	09:00 h	Avenida Rosalía de C.	14:00 h
4º Educación Primaria	09:10 h	Avenida de Barcelona	14:10 h
5º Educación Primaria	09:05 h	Avenida Rosalía de C.	14:05 h
6º Educación Primaria	09:10 h	Avenida Rosalía de C.	14:10 h





7.3 Previsións sobre a colocación da cartelería e sinalética no centro:

Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes, de forma que indiquen a circulación pola dereita de maneira individual, para entrar no centro e a circulación pola esquerda de xeito individual para saír do centro cun desprazamento de 1.5 metros de distancia respectando a distancia de seguridade tal e como indica a carteleira pertinente e disposta por todo o centro.

Se terán en conta tamén nos espazos sanitarios sinais verticais ven visuais tipo semáforos que indiquen libre ou ocupado ao efectos de evitaren colas e esperas innecesarias.

Nas aulas haberá carteis indicando a distancia mínima de seguridade e carteis recordando as medidas preventivas e do uso obrigatorio do uso da mascara e do xeito de lavar ben as mans.

Dito material será utilizado polo persoal do centro para recordar todos os días ao inicio da xornada lectiva as pautas a seguir e a adoitar polo alumnado en toda a comunidade educativa e demais persoal do centro.

7.4 Asignación do profesorado encargado da vixilancia.

Os titores serán os encargados de recibir á entrada ao seu alumnado correspondente na porta asignada e á saída acompañarán ao grupo ata a porta asignada o mestre ou mestra que estea impartindo clase na última sesión.

8. Medidas en relación coas familias e ANPAS.

A realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva dentro do recinto do centro educativo, sexan organizadas pola ANPA do centro ou polos concellos, está condicionada á aprobación dun protocolo que se integrará como anexo no “ Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/21” En todo caso asignaranse postos fixos ao alumnado para todo o curso escolar co obxectivo de mellorar e realizar unha mellor trazabilidade dos contactos .



8.1 Previsión en relación co programa de madrugadores.

As entradas deste servizo faranse concertando unha hora de entrada concreta con cada familia para que non coincidan.

Como pauta xeral utilizarase sempre a mascara, tomarase a temperatura e procederase á hixienización das mans .

Tratarase de constituír grupos de convivencia, asignando un espazo concreto do alumno para todo o período de madrugadores/tardíos, evitando que o alumno estea encrado .

Pola previsión doutros anos dispoñemos de espazo suficientemente axeitado para cumprir coa normativa de distanciamento e prevención, pois trátase dun servizo non ordinario ao que asiste pouco alumnado en proporción ao espazo asignado a tal fin.

En relación ao tema de ir ao baño, este espazo de servizo de madrugadores / tardíos dispón dun aseo e baño anexo a estancia sen ter que recorrer a outros espazos garantindo así o estancamento e que será repasado a súa limpeza dúas veces mais o que se precise durante a duración do servizo.

As cadeiras e as mesas estarán previamente hixienizadas, e evitarase xogar con útiles comúns incentivándose o uso de outros xogos para así evitar os contactos comúns. En caso de ter que facer uso de elementos comúns se hixienizarán antes e despois de cada uso.

